

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DEL PUERTO DE VIGO, SOCIEDAD COOPERATIVA GALLEGA, PARA ORGANIZACIÓN DA "VI EDICIÓN DO FESTIVAL ARVI DO PEIXE-VIGO SEAFEST 2025"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Cándido Rial Rodríguez, director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica ten previsto formalizar coa Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega (ARVI) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 24 de xuño de 2025 ata o 30 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega (ARVI) para a organización da "VI edición do festival ARVI do peixe-Vigo seafest 2025".

As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen: "VI Festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2025"

➤ Por parte de ARVI:

- Organización dos apartados de promoción do festival e relacións institucionais.
- Contratacións externas.
- Promoción e comunicación.
- Espazo gastronómico.
- Espazo actividades.



➤ Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio a contratacións externas.
- Apoio promoción e comunicación.
- Apoio ao espazo gastronómico.
- Apoio ao espazo de actividades
- Mobiliario de cocina.
- Acometidas e servizos xerais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido, o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

A Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a



súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Nesta liña de actuacións está a organización da "VI edición do festival ARVI do peixe-VIGO SEAFEST 2025".

A Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, é polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela,

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

Cándido Rial Rodríguez

